

3.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 16 DE XANEIRO DE 2017.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretario Accidental:

D. JORGE GARCÍA FERNÁNDEZ.

Ausentes:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS NÚM 55 DE DATA 29 DE DECEMBRO DE 2016, NÚM 1 DE DATA 4 DE XANEIRO DE 2017 E NÚM 2 DE DATA 9 DE XANEIRO DE 2017.

Acordose aprobar as actas números 55/2016, 1/2017 e 2/2017 das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local os días 29 de decembro de 2016, 4 de xaneiro de 2017 e 9 de xaneiro de 2017.

2.- INFORME PREVIO.

2.1.- Acordouse aprobar o informe técnico de data 3 de xaneiro de 2017 en relación co informe preceptivo previo para concesión dun caudal, procedente dun pozo, en Salgueira – Maceira – Lalín.

3.- INFORME URBANÍSTICO.

3.1.- Acordouse aprobar o informe da inspección municipal de obras e servizos de data 5 de decembro de 2016 sobre información urbanística dunha nave e vivenda na rúa da Ponte, 37-C-Lalín.

4.- EXPEDIENTES PRAZAS PARKING.

4.1.- Acordouse aprobar varias solicitudes presentadas de abonos mensuais para praza de aparcamento, en cumprimento do establecido na Ordenanza reguladora do prezo público polo servizo de aparcamento no Parking Aldea Grande.

5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

5.1.- Acordouse aprobar a relación de colaboradores nas “BASES PARA CONCERTAR CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA A REALIZACIÓN DA XLIXª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN (BP012016)”, Lote 1: Colaboración para a difusión da Feira do Cocido; Lote 2: Colaboración especial Food-Truck promocional.

5.2.- Acordouse iniciar expediente denominado “BASES PARA CONCERTAR UN CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA A REALIZACIÓN DO COCIDO MIÚDO DURANTE A XLIXª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN”.

6.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.

6.1.- Acordouse aceptar as renuncias presentadas ao posto de monitor/a deportivo.

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

7.1.- Acordouse a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía nº 13/2010.

7.2.- Acordouse conceder a baixa do posto (7A) pola baixa voluntaria prevista no artigo 11 da Ordenanza Fiscal N.º 14 do Concello de Lalín e a concesión de postos e aprobación das altas e liquidacións para o exercicio 2017.

7.3.- Acordouse outorgar a concesión de parcelas para a construción de sepulturas no Cemiterio Municipal da Romea.

7.4.- Acordouse a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 211,39 €.

7.5.- Acordouse a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 286,28 €.

7.6.- Acordouse a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 100 € .

7.7.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto para a realización dos materiais descritos, consistente en deseño e impresión da cartelería/papelería correspondente para a correcta publicidade e promoción da Feira do Cocido e das súas actividades (carteles Feira do Cocido, Cartel Mes do Cocido, Cartel Cocido do Orgullo, díptico Cocido do Orgullo, invitacións Gala do Cocido, dípticos Mes do Cocido, polípticos Feira do Cocido, flyers Cocido Miúdo, etc....).

7.8.- Acordouse recoñecer a obriga correspondente á cota anual do exercicio 2017 por importe de 12.000 €.

7.9.- Acordouse aprobar as Bases reguladoras da CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DOS PREMIOS DO CONCURSO DE CARROZAS DA XLIX FEIRA DO COCIDO DE LALÍN.

7.10.- Acordouse ESTIMAR a solicitude de cambio de obrigado tributario da liquidación provisional do ICIO polas obras de Restauración da Igrexa de Santa Baia de Palio no Concello de Lalín.

8.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.

8.1.- Dáse conta da solicitude presentada para a celebración do Entroido da Cacharela.

8.2.- Dáse conta do escrito presentado solicitando autorización para o uso das instalacións do Salón Teatro do Auditorio Municipal de Lalín, para o vindeiro

4 de febreiro de 2017, entre as 13:00 horas e ás 20:00 horas para a celebración dun evento político.

8.3.- Dáse conta da solicitude presentada para a realización o vindeiro 8 de xullo de 2017 da “Vº RALLY DE REGULARIDADE DE VEHÍCULOS HISTORICOS VILLA DE LALÍN”.
